

ACTA 1/2016- Reunión Mesa recuperación ambiental Ría do Burgo e bacía do Río Mero Culleredo- 25/05/2016 Inicio:12:00hh. Fin: 14:10h.

Sendo as 12horas do día 25 de maio de 2016, na Sala de Xuntas do Concello de Culleredo reúnese en sesión ordinaria a Mesa de Recuperación ambiental Ría do Burgo e Bacía do Río Mero asistindo á mesma:

Asisten:

- Verónica Campos (Asesora de Medio ambiente, Concello de A Coruña)
- Antón (Técnico medio ambiente, Concello de A Coruña)
- María García (Concelleira medio ambiente, Concello de A Coruña)
- Rodrigo López (Concelleiro obras publicas e medio ambiente, Concello de Oleiros)
- M^o Carmen Iglesias (Técnica medio ambiente , Concello de Abegondo)
- Beatriz Golán (Enxeñeira técnica agrícola, Concello de Culleredo)

1

Non asisten:

- Jose Ramón Rioboo Castro (Concelleiro de seguridade cidadá, medioambiente,servizos e obras – Concello de Culleredo)
- Juan González Leirós (Concelleiro de urbanismo e medio ambiente – Concello de Cambre)
- Gustavo Quindimil (Concelleiro de Desenvolvemento sostible e medio ambiente – Concello de Abegondo)
- Juan José Pernas (Xefe do servizo de Medio ambiente. Concello de A Coruña)
- Jose Agustín Barca Cotelo (Xefe da Sección de Planeamento e Xestión – Concello de Cambre)
- Marcos Villar (Concelleiro de Cultura e Praias – Concello de Sada)
- Lois Suárez Becerra (Concelleiro de Medio ambiente – Concello de Sada)

En dita reunión desenvólvese o seguinte ORDE DO DÍA:

1. Réxime de funcionamento da mesa (en base aos criterios adoptados na mesa de coordinadores)
2. Calendario/periodicidade da mesa
3. Punto de partida
4. Análise de situación de cada Concello participante
5. Plans, Accións en marcha / previstas a corto prazo.(en función dos orzamentos para o 2016)
6. Asistencias técnicas en marcha / previstas a corto prazo (obxecto da contratación; posibilidade de coordinación).
7. Análise DAFO
8. Arborización dos traballos (derivados de obxectivos e accións mancomunadas)
9. Rogos e pregunta

ACORDOS ADOPTADOS:

1. Conformidade ao réxime de funcionamento adoptado na mesa de coordinación da estratexia. (reunións ordinarias/extraordinarias, orde do día, actas, documentos/informes, reunión seguimento, publicidade)
2. Establecemento do calendario de traballo;



- Periodicidade das reunións da mesa de carácter MENSUAL
- Ultimo martes de cada mes ás 12h

3. En canto o punto de partida e análise da situación actual acordase:

No referente ao plan de eliminación de vertidos;

- Redactar un esquema por parte de cada concello especificando os puntos de vertido directos á Ría do Burgo e bacía do Río Mero, en función da súa orixe: municipal, domestico, industrial ou difuso.

Entendendo por difuso os procedentes da actividade agraria (restos fitosanitarios, purines...)ou fosas sépticas.

- Acordase convidar a participar nesta mesa de traballo a: Reserva da Biosfera e concellos que tamén poder contribuír a mellora da recuperación ambiental da Ría como poden ser, Carral, Bergondo, Betanzos,

2

No referente ao plan de erradicación de especies invasoras;

- Acordase traballar no ámbito das especies; Cortaderia selloana e Uña de Gato
- Delimitar a zona de ribeira (tanto da Ría do Burgo como do río Mero) que dende esta mesa proporemos coma Zona libre de especies invasoras, para poder realizar un Plan de eliminación, formación, divulgación e voluntariado da mesma
- Para estudar esta delimitación acordase que cada concello presente na próxima reunión un **mapa cos límites que considere oportunos.**
- O obxectivo final será redactar un documento/plan de actuación común para poder presentar ante outras administracións (deputación/xunta) e buscar apoio e financiamento para executar os traballos.
- Acordase traballar en colaboración todos os concellos para propoñer aos servizos correspondentes a inclusión de cláusulas nos contratos de servizos que contribúan á non proliferación destas especies. Do mesmo modo formulase a posibilidade de redactar ordenanzas municipais nesta materia.

4. A determinación da figura legal de protección e conservación da Ría deixase para vindeiras reunións.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo ás 14:00h, levántase a reunión.

Culleredo, 25 de maio de 2016


Asdo. Beatriz Golán Pardo